



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2020.

### ASISTENTES

#### **PRESIDENTE DA F.G.M.**

Adolfo Puch Domínguez

#### **Árbitros**

Manuel Domínguez Iglesias

Xosé Lois Freixeiro López

Raúl Leirós Gutierrez

#### **Técnicos**

Joaquín Fernando Gómez Varela

#### **Deportistas**

Jesús Expósito Alonso

José Luis Faro Fortes

Fernando Fernández Rey

Josefina Maestú Almeida

José Miguel Merino Encinas

Ignacio Rodríguez Pequeño

Pedro Outón Nieto

Gustavo Vázquez Fariña

#### **CLUBES**

Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia

Clube de Montaña Xistra

Club Montañeiros Celtas

Club Nosas Rutiñas

Club Peña Trevinca Barco

#### **PRESIDENTE/REPRESENTANTE**

Carlos Garrido Costas

Xose Henrique Freixeiro Cameselle

Carmen Pérez Orge

José Carlos Rodríguez Pérez

José Miguel de la Cal González

#### **XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO**

Director Técnico

José Manuel Pérez Prego

Tesoureiro

Evaristo Fandiño Pérez

Directora da Egam

Katía Sáenz Ochoa

#### **ORDE DO DÍA**

1º Lectura e aprobación do acta anterior.

2º Orzamentos para o ano 2021.

3º Calendario de Actividades para o ano 2021

4º Prezos das Licencias Deportivas para o ano 2021.

5º Información contactos coa Secretaría Xeral para o Deporte e novidades cara o ano 2021.

6º Rogos e preguntas.



## **Apertura da Asemblea.**

As 16:30 en segunda convocatoria comeza a Asemblea dando o Presidente Adolfo Puch a benvida os Asistentes.

### **1- Lectura e aprobación da acta anterior.**

O Secretario Xeral Sr. Manuel Domínguez procede a lectura do Acta da Asemblea anterior.

O Sr. Garrido fai mención a unha intervención que realizou na Asemblea anterior e que figura na acta sobre a dotación de un importe de 900 uo 1000 euros para o reparto do baremo e que non figura nos orzamentos. Este comentario contémlase no seguinte punto Orzamentos para 2021.

De seguido sometese a votación o Acta da Asemblea anterior cun resultado de

Votos a favor 10

Votos en contra 1 de a Sr. Maestú que roga conste en acta.

Abstencións 8

Queda aprobada o acta da asemblea anterior.

Se reflexiona sobre la posibilidad de enviar o acta e demais información con más antelación y procurar realizar as reunións previas mais separadas.

### **2- Orzamentos para o ano 2021**

O Presidente Sr. Puch informa de que os orzamentos, dadas as circunstancias actuais produto da pandemia, é copia do anterior, facendo algúns axustes tratados na Xunta Directiva, sobre os que informa o Tesoureiro Sr. Fandiño (salarios, sendeiros, carreiras por montaña)

O Sr. Fernández Rey pregunta sobre o criterio que se segue para establecer o importe da subvención de la Xunta de Galicia, contesta o presidente indicando que vai en función de diferentes conceptos marcados pola Xunta de Galicia.

Se modifica a partida de subvención da Xunta pola cifra de 30.510 euros, que é o percibido neste año. Iso obriga a facer os axustes necesarios para cadrar o orzamento.

Katya Sanz solicita un par de aclaracións ao respecto, sendo respondidas polo Secretario Xeral Sr. Manuel Domínguez.

O Sr. Garrido informa de que non figura a asignación para o Baremo. O Sr Adolfo Puch indica que se asignará unha cantidade de 1.000 euros.

Henrique Freixeiro apunta que as actividades clásicas precisan dunha partida máis importante; asignarase una partida de 1.040 euros repartido da seguinte maneira:

Barrancos 688 euros (non había partida para barrancos) e incrementarase en 88 euros cada una las partidas do Día do Sendeirista, Marcha de Veteranos, Marcha con Vivac e Travesía de Esquí de Montaña.

Gustavo Vázquez e Henrique Freixeiro fan unha reflexión sobre os orzamentos e as partidas correspondentes, e solicitan que a xestión das partidas se axuste más estritamente aos gastos.

O importe total dos orzamentos coas modificacións solicitadas ascenderá a 562.014,46 Euros.

Apróbanse os Orzamentos

Votos a favor 14

Votos en contra 1, Josefina Maestu

Abstencións 4



### 3- Calendario de Actividades para o ano 2021

O Sr. Puch informa que o calendario que se propón para a aprobación e similar o do ano anterior. Incluiríanse todos os cursos previstos da Egam e realizaranse todos os que se poda en función da evolución da pandemia. A proposta da Asemblea incluírase a actividade do Descenso de Barrancos. O Sr. Freixeiro Cameselle solicita a inclusión da actividade de Andainas de 25 km, que actualmente 4 clubs realizan ao marxe da Federación. Acórdase incluír no calendario as Andainas de 25 kms.

Apróbase o Calendario por:

Votos a favor 20  
Abstencións 1

Enviarase un calendario actualizado

### 4- Prezos das licenzas Deportivas para o ano 2021

O Sr. Puch propón manter as licenzas cos mesmos prezos que este ano. Infórmase por parte dos asembleístas que hai outras federacións que baixaron os prezos. Acórdase que para o seguinte ano se negociará con outras compañías e presentaranse na asemblea varias opcións. Proponse a petición dos asistentes, que si no mes de marzo se conseguira algunha rebaixa nos prezos do seguro reintegrarase aos Clubs a diferenza do custo destes. Pedro Outón propón a posibilidade de que a licenzia xuvenil se amplíe ata os 21 anos. Carlos Garrido propón, que a semellanza da Federación de Castilla y León, se faga un tipo de licenzia de 6 meses. Para os nenos se solicita crear algún tipo de licenzia para un período máis curto de tempo.

Apróbanse os prezos das licenzas

Votos a favor 13  
Votos en contra 2 (A Sra. Maestu quere que conste en acta que o seu voto en contra, por considerar que non se fixo unha boa negociación coa compañía de seguros.  
Abstencións 5

### 5- Información contactos coa Secretaría Xeral para o Deporte e novidades cara o ano 2021.

O Sr. Adolfo Puch informa aos asistentes sobre as xestións coa Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, respecto aos Decretos de Espectáculos e Turismo. Respecto ao primeiro Decreto, que xa está en vigor, fixéronse alegacións para tratar de derrogar a totalidades ou, no derradeiro caso, o punto en que se indica que o máximo de persoas que pode reunir un club para facer a súa actividade, si afecta a dous concellos, é de 49. Si este punto non se poderá derrogar, trataríase de que o número de persoas permitidas como actividade particular fose de 100 ou 150. Respecto ao segundo decreto, o de Turismo, que aínda non está publicado, trátase de anular o artigo que fala de que os clubs non poden publicitar as súas actividades.



## 6- Rogos e preguntas

- Solicítase que se amplíen os datos dos clubs na páxina web.
- Actualizar a transparencia.
- Revisar la web.
- A Sra. Maestu solicita que:
  - Que se realice un informe de sinistros antes das Asembleas.
  - Que se envíe a información correspondente coa antelación suficiente antes da Asemblea
  - Que os certificados da federación estean sempre firmados polo secretario xeral e visados polo presidente
  - Que consten nos orzamentos as previsións para sendeiros.
  - Que se cumpra a Lei de Transparencia.
  - Que se entregue o material da subvención da muller.
  - Visualizar as facturas do material adquirido pola subvención da muller, o Sr. Manuel Domínguez lle informa que o faga pola canle regulamentaria.

A Sra. Maestu fai un apunte sobre os criterios de contabilización das facturas de autónomos, o que lle responden os Sres. Fandiño e Domínguez.

- A Sra. Pérez Orge consulta sobre as prazas vacantes da Comisión Delegada e da posibilidade de inclusión de outras persoas nas mesmas. O Sr. Adolfo Puch responde que hay una praza y que proximamente se realizará o trámite necesario para cubrila.
- A petición de Gustavo Vázquez e Katya Sanz adquirese a intención de dotar de roupa adecuada ao persoal técnico da EGAM cando sexa posible.
- O Sr. Carlos Garrido reclama que se devolvan os importes correspondentes as licencias infantís do ano 2020.
- Solicítase que os refuxios se abran para as peticións dos clubs e os cursos da escola, non as peticións particulares.

Dáse por finalizada a Asemblea a las 19:35h.

Fdo. Adolfo Puch Domínguez  
Presidente

Manuel Domínguez Iglesias  
Secretario Xeral